

Im. 44

15-8-27

nóis



CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 I.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

<i>Doce números, na Península</i>	6'00 pesetas.
<i>Fora da Península</i>	8'00 "
<i>Número solto</i>	0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Os Fidalgos de Neira de Rei, por EVARISTO CORREA CALDERÓN.
Duas estacións dolménicas, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.
Artistas aldeáns, por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.
Arquivo filolóxico e etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX



Ourense 15 Agosto 1927



Núm. 44

OS FIDALGOS DE NEIRA DE REI

Para o meu irmán Isaac,
Capitán d'Aventuras.

Dende moi antigo fora o val de Neira de Rei terra de fidalguía.

As terras do redor poderían ser mais ricas, as colleitas mais brandidas, meirande o número de cabezas de gando en cada cás, mais traballadores os labregos, mais en ningún-a había en todos laquil ar de señorío.

En cada aldea acostumaba habere un ou dous cabaleiros, cando non socedía como en Recesende, onde catro casas, de seis que eran, podían amosar con orgulo os títulos de nobreza da Real Chancelleiría de Valhadolide. Pero cántos mais que anteponhían con orgulo o Don ao seu nome!

Os froitos da terra eran abondosos, porque a terra, aínda sin un labouro cotián, a pesar da sonhadora preguiza dos seus homes, producía generosamente de todo. Terra húmida e fonda que enchía de colleita as meirandes tulhas e os mais amprios celeiros!

Eran moitos os que vivían mal ou ían tirando, pero moi poucos os probes de soidade.

Alguns señores de casas fortes, fóranse a cibdade. Vinhan alguns anos pol-os meses do vrau, ou non volvían, i-o casal fase derubando, si enantes non o mercaba o labrego que o levaba en arrendo ou o adiminis-

trador, algun home rín ao que os renteiros tiñan genreira como si fose o Enemigo.

Pero a maior parte dos antigos señores aínda vivían nos seus pazos, de mau branca, das fanegas de renda, dos prados cobrados en San Martinho, do que sementaban e recoñían os criados... Como esto non chegaba—porque había que lhes dar carreira aos fillos, vivir ao señor—pouco a pouco, as rendas ían vendéndose, hipotecando os prados... Por iso aquelas grandes casas, que, ao só nomealas, enchían a boca, foran vindo a menos.

Os labregos, que se chamaban de Don, por darse ao señorío, abandonaban os traballos do campo, deixándoos en mans de caseiros e de criados, ían tamén empobrecéndose. Anque lhe mandaban carabela, o fillo que estudaba para crego, custaba moito. A filha que ía adeprender para costureira na vila, tamén gastaba o seu.

—Todos sodes fidalgos! —berraba aquel condenado de Don Pepito de Guilfrei—Si non-o fórades mereciades selo, porque en Neira de Rei naide e mercader nin naide monta en burro!

E así era, porque os que habían posto taberna no camiño real, vinheran de fora.

Os mesmos labregos, por non ser menos, querían melhor quitarse o pan da boca e ter

um-a besta para ir a cabalo aas feiras, e un bon can de palheiro que oubease aa lua.

—Non aí un carto en todo o val!—decía Don Pepito—Nin para facer tocar a un cego!

I-é que non se tinha aprezo ao dineiro. Mais se preciaba a gente da fidalguía.

O senhor da aldea, seguía sêndoo aínda que tivese a sua cás chea de probeza e total-as suas terras vendidas ou empenhadas. Seguiría sêndoo, ao menos, mentras vivisen os velhos que conoceran ao seu pai e ao seu abó.

Había en todo o val um-a educazón senhorril. O senhor de meirande aboengo de cada aldea, podía levar como nos tempos cabaleirescos, um-a partida de fidalgotes e labregos jenetes nos seus cabalos do monte. Sin conocel-o houbérase adivinhado deseguida cal era, pol-o respeto con que o trataban os velhos, pol-a admirazón dos mozos aa sua persona. El, tratábaos con moita finura ou como si fose pai de todos eles.

Cando os domingos, no adro, atopábase con outro do seu igual, dábanse a mau ou um-a aperta.

Todos se trataban de parentes, aínda que a parentela fose lonjana.

—Um-a irmá do seu abó foi casar con un tio segundo da minha mulher.

Chamábase pol-os seus nomes—Andrés, Román, Alónso, Froilán, Pepito, ou ben, con moita cerimonia:

—Qué dí Don Andrés?

Entre aqueles cabaleiros de linaje non había categorías, como non fose a de a idade, o respeto os mais velhos,

Algúns facían um-a vida alhea aos mais, adicados a vigiar os seus criados, a melhorar as suas terras, a jogar aa brisca co senhor párroco, a ponherse bébedos, ou a estar de lería cos labregos que facían o seu juntoiro na cocinha do pazo. Outros como aquel Don Aquilino de Rivadeneira, non tinha trato con ninguén, e mais valía eisí, como si se creése o mais de todos, pensando sempre en facer mal.

Pero moitos d'eles, a non ser iste, como si lhes fose pequeno o seu pazo é lhes afogase o ambiente cotián da sua aldea, como se lhes fose preciso ter trato con outros do seu igual, colhían o seu cabalo e con calquer galho ían a vila.

Si lhes cadraba pasar por diante d'outro pazo, petaban na portada, e berraban;

—Qué, vén vostede, Don Froilán? — ou — Imos a vila, Andrés?

Fose pol-a política ou porque sempre había calquer cousa que facer na vila — recoihel-as cartas que traguía a diligencia denda cibdade, traguel-o pan trigo e o bon chocolate ou beber un goto d'aquel vinho de Quiroga que tinha o Buronés — ou ben pol-a tentazón, agradabel d'abondo, de dare un paseo ao trote acompasado do cabalo; entramentras se falaba cos velhos amigos, poucos desatendían aquela invitazón.

Don Pepito de Guilfrei era o mesmo diñho — Cada ves que el ía a vila, dende a sua cás de Santa Comba, alá enriba no medeo do val, ja se sabía. Chamaba en total-as portadas dos pazos que lhe cadraban no caminho, e aínda si era perciso daba un arroteo, e todos o acompañaban como si ficese um-a relada no río.

Ian todos juntos ao alternado paso d'andadura dos seus cabalos, de catro en catro ou de dous en dous, según fose mais ou menos estreito o caminho.

Dende longe semelhaba um-a guerreira mesnada que fose batir os ladróns que tinham chea de medo aquela terra. Detrás d'aquela cabalgada ía quedando um-a poeira cando estaba seca a terra, e as senhaes das ferraduras na lama, no inverno.

Anque se falou de ladróns non se coide cos fidalgos de Neira de Rei fosen juntos aa vila por medo — quén dijo tal cousa? arrenégote — sinon por facer mais levadeiro o caminho, e, mais que nada, pol-o gosto de entrar todos juntos n-ela ao trote dos seus cabalos, para que os admirasen os aldeans que a ela concurrían. Ao chegar a estrada real, si seis vinhan, os seis caminhaban aa par.

Como eran lucidos os seus cabalos, porque os tinham na corte todo o ano, ben mantidos, e brillantes os seus arreos, daba genio ver aos fidalgos de Neira de Rei.

A sua fama eistendérase a moitas legoas aa redonda, a sua fama de domadores de potros, e de homes de pelo en peito, mais o peito cheo de virtudes cabaleirescas.

Os que acostumaban a acompañar a Don Pepito de Guilfrei, eran Don Andrés de Gorbé e Valcarce de Pin, ca sua cuidada lanzalla, home moi fino e agradabel, que falaba engorde, amodinho. Tinha o ar melancónico da época. Levaba patilhaas mouras, barba romántica e sedosa. Vestia un traje preto. Tocaba o violín que daba genio e lía a Enciclopedia. Segui-o sempre seu grande can de palheiro.

Don Manoel Salgueiro Franco e Trebolhe do Río, elegante sempre, ca sua capa azul, a sua crabata de plastrón e as suas esporas de prata. Roibo, de ollos azúes, era outo i-er-gueito. I-a a Crunha sementes por comer pescado e a ver boas mozas. Cabalgaba n-un macho de sete mil reás, e botaba bastantes alhos ao falar.

Algunha ves se lhes juntaba Froilán de Neira, aínda que poucas veces, porque non sabía alejarse da sua mulher, aa que adouraba con delirio.

Don Alvaro do Vilar, o Velho, quería mellhor quedarse no pazo e mais aínda dende que tinha netinhos, aos que estaba olhando todo o día embobado, facéndolhes festas para que sorrisan. Véndoo pensábase n-un velho árbore froido.

Tamén atopaban no pazo do Vilar ao outro abó, Don Marcial de Fontaron, o pai de Froilán, que só alá na sua torre de Sancti Spiritus sentía soidades do seu fillo, do carinho de Antonieta e dos jogos dos netos. Poucas veces o podían arrincar d'aquel ninho, pero algun-as veces o levaban co eles porque non sabía oponherse.

Os fillos do Senhor de Cernadas cando baixaban da sua casoa aumentaban moito o fato de cabaleiros, aínda que despois da morte do mais novo na romage da Nose Senhora no Latadal, Froilán, o meirande, non saía do seu coarto, paseiando d'uma banda aa outra, como un lobo engaiolado, sin probar bocado.

—Cuáseque toleou cando deron morte ao seu irmán — falaban os labregos.

O pai, já moi envelhecido, tampouco saía da sua cas.

Somentes de cando en cando baixaban de Cernadas os catro ou cinco irmans enloitados, juntos aínda, pero ja sin aquel ar de

lanzalla de enantes. Cabalgaban en pequenos cabalos peludos, soltos todo o ano na imensa serra de Ranhadoiro. Ian calados, como si aínda tivesen diante dos ollos a tragedia. Ja no eran os de enantes, non. Valente reconhecera un fillo natural, que quedara orfo de nai. Enternecéraselhe o curazón, e o levara a Cernadas para pecoreiro da fazenda.

O que levaba a voz cantante entre os cabaleiros, era Don Pepito de Guilfrei. Senhor de gran linage, aínda qu'os seus abós foran donos de metade da comarca e cobradores de foros dende Mondonhede a Quiroga, era o mais probe de todos. Casta de malos adimistradores dos seus bés, os velhos consumiran a sua fortúa en tercos preitos, por desconhecimento e abandono dos eidos lonjanos, por generosía cos labregos mendicantes... As torres — varias torres tiveran os Senhores de Santa Comba — fóranse derrubando. O derradeiro fidalgo da costa, viudo, só, vivia probementes n-un velho edifizio que enantes servia de tulha das rendas que antigamentes cobrava nas terras outas do val.

Don Pepito, cas suas barbas de castrón, ía desparramando o pouco que lle quedaba da sua fortúa pol-as tabernas, dando a mans cheas canto se lle pedía.

Ao pasar por diante d'algum-a das tabernas do val, ou das da vila, facía entrar a sua mula, encolhiase para non tropezar co dintel, e, ja dentro, tiraba do ramal e facíalle ponher aa mula as poutas no mostrador.

—Un vaso de vinho para min i-outro para a mula!

Un tras do outro, d'um-a ves bebía os dous vasos, limpabase os beizos coa man, e decía, n-un ton razoabel e resinado:

—Hai que afogal-as penas!

Istes eran os fidalgos que acostumaban a cabalgar juntos aa vila, os derradeiros cabezaleiros das mais linajudas familias ecuestres de toda aquela terra.

Tamén algun-a ves se juntaban a eles Don Antonio, o crego de Santa Comba, jenet n-un rifon branco de grande alzada, decidor e campechán, e mail-o creguinho da Vi-dueira, ao que chamaban para todol-os enterros e funciós d'eireja n-as que houbese que cantar, e que levaba boa amizade cos

fidalgos pol-o eiscelente vinho de misa — porqué non decil-o? — que gardaba no celeiro da reitoral.

Pero os cabaleiros e os cregos de Neira de Rei non ian ende jamais sós aa vila. Sempre levaban tras d'eles um-a chea de labregos, como si fosen os seus escudeiros.

O pasar pol-as aldeas do val, sempre había algún aldeán que levándose a man ao sombreiro ou aa pucha, decía:

—Vosté o pase ben, Don Pepito e a compañía. Van logo aa vila? Eu tamén tinha que ir alá... e nada melhor que ir na sua graciosa compañía...

Entraba na casa, e, como si ja tivese a égua aparelhada, agardando, montaba e saía dando un trotinho até qu'os colhía.

Outros, que ian andando engorde pol-a Ribeira de Souto, eran adiantados pol-o fato de cabaleiros, i-estoncias por non ser menos que os labregos que os acompañaban, e por chegar aa vila con tan honrados senhores, apuraban co-a jostra de vimio, o paso canso do seu cabalejo.

Pero os que se debecían por ir cos cabaleiros, para que na vila os tivesen coma iguaes a eles, eran os fidalgos probes, os labregos que se gobernaban de seu e s'adica-ban o senhorio.

Eran istos os que se ponhían esporas para entrar na feira, os que locían grandes cadeas douradas no chaleque, ainda que non tivesen mostra.

Cando falaban diante dos cabaleiros, facían-o homildementes, como diante de persoas de rango meirande, mais cando eles falaban cos aldeáns adoitaban o mesmo ton de vos de Don Alonso, de Don Pepito ou de Don Andrés.

Moita maginazón e fantasía tinhan aqueles homes de Neira de Rei!

O sono dourado d'un labrego era galopear n-un ligeiro e nervoso cabalo detrás dos fidalgos car'aa vila. Con que tristura seguía arando, despois d'olhar como pasaba a ruidosa cabalgada pol-o vao do río, pol-o caminho de lajes, nas que daban lume as ferraduras dos cabalos!

Cando algun labrego conquería iste aneio, e, por si ainda fose pouco, algun dos senhore que ian na primeira fila parolaba co il,

como si dicíndolhe um-as verbas o autorizase a acompañal-os, reventaba de gozo, meténdolhe espora o seu probe cabalo con verdadeira tolemia. Había que regalarlhe un jamón, porque era un gran cabaleiro! Tan bó cos probes!

Si non lhes falaba un de aqueles senhores, con que o ficese algún dos seus homes de fiducia, o Claudino de Lombardía o Marulande Carbalhedo ou Andín de Recomba abundaba.

Moito esforzo tinhan que facer os fracos cabalejos dos fidalgotes e dos labregos para seguir o trote dos senhores, pero eles querían melhor que reventaran as suas cabalgaduras enantes que se quedar atrás dos cabaleiros, jenetes en éguas, machos e cabalos, de anchas ancas lustrosas, que se limpaban con um-a gota de leite!

Pero todol-os días socedía o mesmo.

Aquel día tocoulhe a Fiz da Vidueira.

Vendo ca sua égua de cría chea d'hosos e mormo, se resentía pol-a longa cabalgada dende a sua cas, até a Ribeira, despois de dúbidar longo tempo se debería seguir ou apear-se, despois de pensal-o ben, de rascar-se enriba d'um-a orelha ao tempo que pensaba, dicíndose a lle dar descanso aa besta.

Decía na dúbida para o seu intre:

—Han dicir que son un pobretón, que non son dino de caminhar junto d'iles, pero, e si me morre a égua? Ja non pode mais, ja vai sudada...

Era un renunciamento heroico, de crar a sua derrota, o decir berrando:

—Vaian andando! — e para disimular o seu vencimento— Eu vou detrás! Tenho que atar un amalho!

Pero ningún cabaleiro o ouvía nin arreparaba n-él, embebidos como ian na conversa, ao trote dos seus cabalos.

Somentes algún labrego volvía os ollos atrás, c'um-a certa sorriso, porque el ainda podía segui-los.

Fiz da Vidueira apeouse da égua, pasoulhe a man pol-a testa e o colar cheo de suor, e sacou do peto un anaco de pan de centeo e um-a navalha de mango de bujo. Foi talhando o pan, e dándolho pouco a pouco aa égua. Aquel pan que lle daba, mais un neto de vinho, había de ser toda a mantenza do probe labrego, n-aquel día de feira.

Volveulle a facer agarimos no colar, mentras a égua o miraba cos seus ollos nobres e asosegados, colleuna do ramal, e, con ledicia, pújose en camiño, a pe.

Chegado que houbo a un bocadín do camiño cheo de lama, quedouse pensativo, o tempo que miraba para os zapatos, —um-as botinas que lle ficera Manán:

—Está visto. Non se pode ir a vila. Ou padesce a égua ou se gastan os zapatos.

Como puido saltou de pedra en pedra.

Ja pouco faltaba para chegar. Alí ao longe

entr'a arboreda, vianse os casaes brancos, juntos.

Volveuse a ponhel-a espora, rubíu aa égua, e mentras ía caminando engorde, seguía pensando:

—Ai, quen puidera vivir de man branca!

Pero todol-os seus anceios andaban revoando ao redor d'aquela idea:

—S'o meu fillo me mandara dinheiro para ir mercar un cabalo o trece d'Adail!

EVARISTO CORREA CALDERÓN

DUAS ESTACIONS DOLMENICAS

AS MAMOÍNAS DA SERRA DA MOA

A serra da Moá que describe un arco de circo o leste da antiga vila do Castro de Caldelas áchase constituída na súa banda occidental por penedías de gneis e na oriental por formacións silúricas, estando coroa-

da por unha ampria chá que remata en dúas abas moi pinas careadas pol-o leste pra o río Sil e pol-o oeste pra o seu afluente o río de Caldelas.

A xente do país, seguindo o costume moi corrente na Galiza, de non chamar serra mais que os cumes terminaes das agrupacións montesías, desina co nome da Moá a uns outeiros que se erguen a carón do val de Quiroga e aprica denominacións diversas as outras partes do macizo, sendo unha de elas a de «As Mamoínas», que leva un anaco de chá comprendido entre a freguesía de Mazaira e a costa que baixa o Sil.

Guiados por iste nome e por referencias de persoas conecedoras de aquela terra, emprendimos no mes de San Xohan do 1926 unha esporación arqueolóxica, cuías resultanzas damos a publicidade co único ouxeto de precisar o emprazamento de unha necropole prehistórica, xa que os poucos datos que da súa escavación poidemos tirar ningunha cousa de intrínsecos engaden o



Croquis da necropole de As Mamoínas

conhecimento das antiguidades galegas.

Trátase en efecto de unha necropole seguramente dolménica que cicais acochou dentro das súas sepulturas cámaras e mobiliarios merecentes de vagoroso estudo, mais que sealcontra no día en tal estado de ruína que a desprove de case todo o seu valor científico. E como ningún proveito haberíamos de tirar con facer un novo planto os males causados

Escavouse ata atopar o chan natural, sen que aparecera cámara nin mobiliario.

MÁMOA N. 2 — A 2 kilómetros da anterior cara o leste e a 800 metros cara o Norte do lugar de Ruidos. Está posta na aba de un pequeno outeiro.

Alcóntrase tan aplainada que no nos foi posíbre determinar o seu diámetro. Cavouse n-ela ata atopar a terra apreixada do chan natural, alcontrándose soio un dos esteios da cámara que se achaba deitado no meio da mámoa e que medía 1'80 metros de outo por 53 centímetros de ancho e 25 de groso i estaba feito de esquisto mouro.

MÁMOA N. 3 — A 800 metros a leste do número 2 e a 400 cara o Noroeste do devandito lugar de Ruidos. Está no cume de un pequeno outeiro e alcóntrase tan aplainada coma a anterior e formada por terra e unha grande cantidade de pedras miúdas. Non se asoellou nin cámara nin mobiliario.


MÁMOA N. 4 — A 200 metros da anterior cara o sueste. Mede 18 metros de diámetro e 2 de outo —está feita case escruivamente de terra. Apareceu dentro de ela un esteio de dolmen de esquisto mouro e de 1'30 metros de longo por 60 centímetros de ancho e 14 de groso.

Istas catro mámoas están senlleiras e como se viu afastadas de abondo unhas das outras.

As que agora imos enumerar apareceron por contra en dous grupos, un de cinco e outro de catro postos en col de outeirales de cativo alto.

A situación e características dos *túmulos* do primeiro son as seguintes.

MÁMOA N. 5 — Situada a 900 metros da número 4 cara o norleste. Tan rebaixada que non se pudo determinar o seu diámetro. No seu interior non apareceu mobiliario nin restos da cámara.



por ciprianistas e canteiros, imos entrar a espor seguidamente as cativas notas fornecidas pol-o noso traballo exploratorio.

MÁMOA N. 1 — Situada a 700 metros cara o leste do lugar de Casfarexa. (Vex. croquis). Ten 15 metros de diámetro por 1'50 de outo i-está formada por terra e algunhas pedras pequenas.



FIG. 2

MÁMOA N. 6 — A 25 metros cara o sueste da anterior. Mede 25 metros de diámetro por 2 de ouro. No seu interior apareceu un




FIG. 3

esteio do dolmen feito de pedra esquisto-sa e que medía 3 metros de ouro por 85 centímetros de ancho e 45 de groso.

MÁMOA N. 7 — A 50 metros cara o leste da anterior. Tiña 16 metros de diámetro por 2 de ouro. Non apareceu dentro de ela nin cámara nin moblario.

MÁMOA N. 8 — Situada a 30 metros cara o leste da anterior. Medía 20 metros de diámetro por 4 de ouro e non contiña ren de intrés.

MÁMOA N. 9 — A 40 metros cara o Norte da anterior. Medía 14 metros de diámetro por 3'50 de ouro. Non contiña nin cámara nin moblario.

O segundo grupo al-cóntrase desviado do

primeiro 2 kilómetro cara o leste e moi próximo xa a costa que baixa cara o Sil. Fórmase as seguintes mámoas, que non abrimos e que presentaban todas sinais de recentes remeximentos.

MÁMOA N. 10 — De 16 metros de diámetro por 2 de ouro.

MÁMOA N. 11 — Desviada 50 metros cara o sul da anterior. Está aplainada case por concreto.

MÁMOA N. 12 — A 20 metros cara o sueste da anterior. Ten 15 metros de diámetro por 2 de ouro.

MÁMOA N. 13 — A 15 metros cara o sul da anterior. Mede 17 metros de diámetro por 3 de ouro.

Soio dous feitos compe destacar con respecto a ista necropole. É o primeiro a preferenza que n-ela se diu os cumes dos outeiros pra o emprazamento das mámoas e refírese o segundo a veciñanza en que istas se alcon-tran con respecto a un castro de dobre recinto coñecido no país co nome de «Castroño da Cerca» (1) que se ergue o Norte do lugar de Ruidos i entre as mámoas números 1 e 2. Ambos feitos téñense observado xa en outras estacións prehistóricas da Galiza e por elo coidamos comenente o aportar istes novos datos confirmatorios, os mais intresantes cicais dos que recollimos na nosa espro-ración.

(1) Iste castro foi medido i examinado por D. Vicente Risco e a súa ficha detallada figura no Catálogo de Castros do Seminario de Estudos Galegos de Sant-Yago.



FIG. 4


AS ANTAS DAS MAUS DE SALAS

As Maus de Salas é unha freguesia do concello de Muíños, situada moi perto xa da raia portuguesa e na beira esquerda do Salas, afluente considerabre do Limia. Corre aquí o río en grande parte do seu curso, por un val outo e moi estreito que soio por vegadas deixa o pé das abas montesías que forman a sua cunca algunhas pequenas chás.

N-unha de elas que se estende entre a marxe esquerda do río e o devandito lugar das Maus, alcóntanse as catro antas de que imos falar agora (vex. croquis). O terreo é

áchase deitado no meio da cámara, tendo a sua direita catro chantas de 70, 75, 30 e 45 centímetros respectivamente e a sua esquerda outras três de 60, 70 e 90 centímetros.

A cámara, que aparece ca entrada ourentada pra o Noroeste é de pranta poligonal e mede 1'60 metros de ancho por 1'50 de outo. (figs. 1 e 2). As pedras son todas de grá e parecen ter sido arrincadas da canteira por un procedimento semellante o dos guillos, sendo indubre que a cara mais prana que



granítico e abondoso en grandss penedos, circunstancia que debeu facilitar a labouira de construción das cámaras.

ANTA N.º 1 — Está situada 1 kilómetro das Maus cara o sueste i-é coñecida no país co nome de *Pena Anduriña*. Alcóntrese faltosa tan tampa e con siñás de ter sido remexida fondamente mais de unha vegada. Conservanse a pesar de elo os oito estejos da cámara anque todos eles mais ou menos maquiados do seu asentamento primitivo. O que formaba a cabeceira, mede 1 metro de ancho e

resultaba da operación aproveitábase sistematicamente pra colocala na parte interior da anta.

Non quedan case siñás da mámoa e os estejos aparecen chantados fondos no chan, circunstancia que temos ouservado xa n-outras necropoles da Limia outa e baixa coma son as do Monte das Motas e as de Rairiz. (1)

(1) Vex. os nosos artigos *As Mámoas do concello de Lobreira*, B. de la R. A. Gallega, ano XX no. 170 e 171. (1925) e *As Mámoas do concello de Rairiz*, na mesma revista e ano, número 178.

A escavación de iste megalito non forneceu outra cousa que un pequeno testo de unha vasixa, feita con terra escolleita de cor gris e moi porosa, igual a de outros anacos cerámicos que asoellamos n-unha anta do Monte das Motas de Lobeira. A catiyeza do testo non permite arriscar ren en col da súa feitura.

ANTA N. 2 — Alcóntrase emprazada a 600 metros cara o leste da anterior e leva o nome de *Casiña da Moura*. Agás a pedra da cabeceira que foi meio derrubada cara o interior do dolmen conserva por comprobante *in situ* a tampa e todol-os esteios, quedando tamén restos visibels da mámoa que pol-a banda da dereita bica os remates das chantas. (figs. 3 e 4).

A pranta da cámara, cinguida por sete pedras é poligonal e ten 2'60 metros de ancho, atinguindo a tampa 3'50. O esteio da cabaceira mede 1'80 metros e as tres chantas da dereita 80 centímetros, 1'10 e 1 metros e as tres da esquerda 1, 1'30 e 1'75 metros, existindo despois de ista derradeira dúas laxas espetadas de canto, anchas de 65 e 75 por 1 metro de outo, cuio grandor e disposición paralela o eixe do megalito fannos sospeitar se serán vestixio de un corredor destruído en anteriores esproracións. O outo da anta é de tres metros e a entrada está ourentada pro sul.


As pedras da *Casiña da Moura* teñen as caras ben aplainadas e paralelas e aínda foron labradas n-alguns sitios pra facer doada a perfeita xuntanza das unhas cas outras.

É notabre iste dolmen non soio pol-o coidado da súa feitura se non tamén pol-as súas dimensions, que sen ser únicas son escepcionaes nos megalitos galegos case de cote de grandor cativo, podéndose por a beira do dolmen de Saa de Parga (Lugo) que mede 2'70 metros de diámetro maisimo e aproisi-

mase o de Dombate que atingue os catro metros. (1)

No interior da cámara apareceron amoreadas no fondo unha grande cantidade de pedras que formaban unha especie de cairn e no meio de il un anaco de unha vasixa, o parecer en forma de cunca, feita de terra amarelada e cas paredes ben polidas. A pasta de iste vaso é idéntica a de outros dous asoellados un n-unha mámoa da ermida do Viso (Monte das Motas) e a outra en Sabariz (concello de Rairiz).

Asoelláronse así mesmo dous anacos de ganga de fundición de ferro, circustanza que amosra que n-unha época que non podemos precisar o acocho da *Casiña da Moura* foi utilizado pra operacións metalúrxicas.



ANTA N.º 3—A 100 metros cara o Norte da anterior. Chámanlle a *Portela da Moada*.

Fórmana cinco esteios de 90, 60, 50, 37 e 40 centímetros de ancho por 1 metro de outo que pechan unha cámara poligonal de 1'20 metros de lonxitude e ca entrada ourentada pra o suleste. (figs. 5 e 6).

As pedras de este pequeno monumento son moi irreguláns esteriormente, anque pol-o in-

(1) Pérez Bastamante e Parga Pondal, *Los dolmenes de Dombate y de la Gándara*, separata do Boletín de la Biblioteca Menéndez y Pelayo, Santander, 1924.

terior presentan as caras regularmente aplainadas. Non atopamos sinais de mámoa e a escavación non forneceu ningún mobiliario.

ANTA N. 4 — A 200 metros cara o sul da Casiña da Moura e na beira mesma do río Salas.

Non ten nome de seu e o lugar onde está emprazada chámalle Portamil.

Achase moi derramada e soio conserva tres pedras do dolmen que meden 1'30 metros de outo por 1'30 metros, 35 e 40 centímetros de ancho respectivamente.

Ten aínda vestixios da mámoa. A escavación de iste dolmen tivemos que abandoala non ben se comenzou pois os poucos centímetros de fondura comenzou a xurdir a auga do Salas imposibilitando por comcreto a nosa laboura.

Poucos feitos compre destacar con respecto a ista estación dolménica. O seu emprazamento e cicais o mais notabre, pois

as antas galegas atópanse case de cote no cume de outeiros ou nas rabas, sendo iste o primeiro caso rexistrado en que aparecen na beira de un río.



FIG. 6

As formas das cámaras son as sinxelas acostumadas entre nós e anque a Casiña da Moura houbera tido coma sospeitamos un corredor, non parece que atinguira unha lonxitude maor a dos megalitos das Pontes de García Rodríguez e da Serra do Laboreiro.

A case ausencia de mobiliario non permite ningún comentario no orde do utillaxe e asin cinguirémonos a insistir novamente nas identidás das pastas das cerámicas asocelladas con outras descubertas xa na rexión do val do Limia.

FLORENTINO
L. CUEVILLAS



FIG. 7





ARTISTAS ALDEANS

Tres contos, d'unha serie inédita, lidos na Festa da Prosa Galega do Seminario de Estudos Galegos.

I

FLORINDA A FOGUETEIRA

Lémbrome ben das casas que tiña o meu mundo de neno. En todas elas, menos na de Florinda a Fogueteira, cada cousa tiña o seu canto onde estar. É dicir que o armario estaba entre as dúas ventáns do sobrado, non saía de alí mais que cando había albañiles na casa e, ó movelo, deixaba na parede un clavo que o tempo e a lus non tiñan luxado. E o do armario pasaballe á mesa, que tiña que estar no medio e medio da cociña, e á artesa, que estaba á beira do forno, e ó baldes, que estaban a carón do vertedeiro. Eu topaba todo esto tan axeitado como que a nosa casa estivese na carreteira e a cirexa na Quintana do Castro. Por eso cando se mudou a miña cama pra o cabán de tío Xacinto fíxose na miña vida un troque tan extraordinario que soio ten comparanza co paso do *Camarada* o *Deberes*. Por eso tamén o ir á casa de Florinda a Fogueteira era un regalo pra os ollos; aquela casa que era sempre unha casa nova, que nunca tiña as cousas no seu sitio, abría no maxín un porteliño cara a infinda variedade de casas que habería lonxe do meu mundo de neno.

Florinda a Fogueteira era unha pantasía. Ela unhas veces tiña a cama no sobrado e o comedor na sala e outras a cama na sala e o comedor no sobrado. Ela de unhas veces tiña cama de ferro e de outras cama de piñeiro. Ela de unhas veces tiña cadros con santos e de outras pratos con frores. Ela de unhas veces tiña tazas e de outras veces cuncas. Recibíanos no xardín, na cociña, na

escadeira; sentábamonos en bancos, en sillas, en sofás; saíamos po-la porta, po-lo patín, po-lo portelo. Dabame mazáns, flores, bombóns. Ou botábame da casa a berros.

Eu cheguei a querer a Florinda con sinxe-lo namoramento de neno. Co seu traxe azul, co seu traxe roxo, co seu traxe branco...

Hoxe penso: ¿Qué sería de Florinda a Fogueteira? Vería o cine, mercaría outra casa, embarcaría, casaría, descasaría, fariase do teatro... Cicáis esté aínda na aldea facendo e desfecendo os altares dos santos.

II

O ORGANISTA DE IRIA

O organista de Iria, un músico vello de enterros e festas, bo bebedor, forte, roxo, de moita sona en toda a terra de Padrón, viráraselle o sentido. Deivara o viño e as esmorgas, dera en se pechar po-las noites na cirexa a tanxer no orgão cousas estranas; rubia ó campadal pra adeprender ós mocíños repiques novos, tiña longas conversas co gaiteiro de Isorna e saía cara os soutelos do río, no raiar da i-alba, cun feixe de papés baixo do brazo. Sentira o pruído de engayolar unha cántiga que teimosamente se ecoaba nos seus ouvidos e tendía a cotío o ichó pra esligala como se fose un loiro paxariño.

Dempois de moitos traballos arriscouse a amostar canto levaba composto ó orgaista de Santiago. Saeu de Iria, po-las oitavas de Nadal, c'unha carta de presentación do Abade, con moitos papés na alxibeira e o verme d'un degoiro no peito. Nos seus ouvi-

dos ecoabase aínda, con leda teimosía, o belido tema que topara e seguindo nó maxín a súa obra —Op. I—, deténdose en cada acerto, a maña do repaso que un fai do soño obriso e lonxano, douse a cantalo, a cantalo namentra-lo tren repinicaba a muiñeira das costas e debullaba o alalá dos chaos sobre o trémolo de paisaxe e o pedal azul do ceo. (O crego cativiño e descoñecido que se sentara a par de el en Catoira íao escoitando cos ollos pechados nas follas do breviario).

Nos outos da Catedral renxía o fol do orgao, barquín de forxa, e as máns do Organista de Santiago, mans afeitas a temprar o ferro roxente dos graves na i-auga xiada dos agudos afixa os sons a circías marteladas. Embazabase o ar d'unha sutil poeira, erguíase un mesto fumeiro... De súpeto e a nidia cralidade da súa cantiga a que avisca o músico de Iria envolveita na bretema d'unha fuga. O paxariño que el quixera esligar cas suas máns de labrego, afeitas a coller niños caíra no ichó de aquél creguño descoñecido que cos ollos pechados nas follas non pasadas do breviario fora escoitando o seu cantar.

O organista de Iria xa non tencioou falarlle. Cos ollos embazados po-la poeira das bagoas, ca gorxa atuida po-lo fumeiro d'un salaio, estrizou os papés e tornou ós enteiros, ás festas, ó viño e ás esmorgas.

Na terra de Padrón díxose que os médicos

de Santiago ll'arrincaran do peito un verme. Tornáralle o sentido.

III

A MOZA QUE FAI FLORES

Esta é a rapariga macia que fai flores e lee novelas. Flores azules con mazanciñas moradas, flores verdes entre follas vermellas, flores mouras entre follas rosas. Novelas con homes de capa en ruas estreitas, novelas con señores de chisteira en ricos estrados, novelas con mozos de blusa en casas probes. Esta é a rapariga loira que fai bordados con volvoretas i-estrelas, a que sabe fiar mazarocas de contos e argallar trécolas, a que escarabella nas lembranzas e gabea po-los sonos.

Onde ela está bule como un rodicio a devandoira das conversas e trema, a estrelecer, o maxín das mozas. Por eso dín que ten os miolos como un mundo de azougue onde andan coñ figuras estranas toda-las cousas.

Cando remate os libros do difundo abogado encetará os do crego, e cando remate os do crego escomenzará a súa novela. Namorárase dun estudante que pase en Castromil. Irá a vivir a Santiago...

(Un bó día os alumnos de disección farán unha preparación de miocardio falando do Celta e do Deportivo.)

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ARQUIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

Medicina rústica

O TANGARAÑO

Eisiste en Lobeira un modo de curalo tangaraño que, pol-a súa sinxeleza, parez mentira que aínda non o coñeza a medicina moderna a pesar de todol-os seus adiantos.

É coma sigue: Cóllese o entangarañado e átanselle as pernas c'unha verga. Búscase despois un carpinteiro que sexa fillo de carpinteiro e neto tamén de carpinteiro. Vaise con el e máis co entangarañado a unha

encrucillada e alí o carpinteiro córtalle a verga dicindo:

Meu abuelo carpinteiro,
meu pai carpinteiro,
e eu carpinteiro,
córtoche a pexa n'iste talleiro.

E con isto

«... o coitado do entangarañado
queda xa desentangarañado».

A non ser que morra, que tamén se dan casos.

Teño noticia de que iste método empréga-

se, e supoño que co mesmo eisito, n'outros puntos de Galiza.

O TIRICÓ (ORZUELO)

Pra cural-o tiricó xúntanse seis ou sete rapaces. Faise despois unha casinha de pedra e garabatos e pónselle lume. O que ten o tiricó e mail-os rapaces comenzan a correren o redor da casinha berrando:

Tiricó, tiricó,
que arde a casa de malló.

A unha sinal dada votan a correr cada un pra donde estivese de cara. Ó primeiro que olle pra tras pásasalle o tiricó e d'esta manei-
ra o primitivo propietario queda ceibe d'il.

Outras veces berran:

Tiricó, tóono...
vai pra casa de leiró,
e, en vez de dar voltas o redor da casinha,
brincan por riba d'ela.

Y es probado,

DOORES DE COSTAS

Se vos don as costas buscai unha muller que houbese tido dous xemelos. Deitádevos no chan boca abaixo, que ela se sente á vosa beira n'un banco e que vos poña os pés por riba das costas. Ó pouco tempo pásavos a door e quedades coma novos. Ou, pol-o menos, así mo aseguraron.

Recollido en Lobeira por

XAQUÍN LOURENZO

CONTOS

BODAS NO CRO

Ia unha vez unha zorra pol-o monte e viu voar unha aguia moi outa.

—Ay ó — berrando — ¿Onde vás?

—Vou ás bodas o ceo — respostoulle a aguia.

—É logo? hai aló bodas hoxe?

—Hai; e moi boas, por certo.

—Pois eu quería ir. ¿Cómo faremos?

—Eu te levarei.

Entón a aguia pousouse no chán, a zorra subiuselle ás costas e botaron a voar.

Ó ir xa moi outos a aguia fixo un recorte e chimpou a zorra en baixo.

E a zorra, ó ver que ía cair por riba de un penedo, púxose a berrar:

[Fuxe laxa que te esfarelo;
que si saio d'esta
non torno ás bodas do ceo..!]

O HOME E A COBRA

Ia en certa ocasión un home por un camiño e atopou unha cobra por baixo d'un penedo.

—Sácame d'eiquí — imploroulle a cobra.

Ó home deulle lástima da cobra e tiroulle o penedo de por riba. Mais a cobra estaba aterecida co frío e se non podía mover. Entón o home meteuna no seu seo e foise con ela pra sua casa.

Mais en canto a cobra queceu, entroulle fame e díxolle ó home:

—Ay ó; voute comer.

—Ay señora cobra — pregoulle il — Non faga eso, que eu non llo merezo.

—Nada, nada. Voute comer.

—Boeno; pois entón imos onda un Xuez e que il decida.

—Vamos alá.

Saíron e topáronse c'unha zorra. Espuxéronlle o caso e pidíronlle que ela decidise.

—Eu pra decidir — díxolles a zorra — teño que ver como estaban as cousas. Que se volva pôr a cobra por baixo do penedo.

A cobra púxose onde estivera denantes e o home volveulle pôr o penedo por riba.

—Agora — dixo a zorra dirixíndose ó home — vaite pra tua casa e deixa que a cobra morra ahí por desagradecida. (1)

Recollido en Lobeira por

XAQUÍN LOURENZO

(1) Este é o eterno conto do home que criou a cobra no seo. Outra variante galega, recollida por R. Martínez López, en Negreira, publicámola no noso número 24 (13 Nadal 1925). N-aquí, o home engaña ó raposo, facendo que lly paga a sua sentença. Tamén das Bodas no ceo temos publicada variantes.

Os homes, os feitos, as verbas

GLOZEL.

Antecedentes

Glozel, no «*Mercure de France*»; Glozel, no «*Journal des Débats*»; Glozel, na «*Action Française*»; Glozel, na «*Anthropologie*» e na «*Revue Archeologique*» i en dez xornaes mais de París, i en vinte dos departamentos franceses i en trinta revistas inglesas, alemáns e suecas. Por todas partes. Glozel, Glozel e Glozel.

Glozel é un lugarcíño da Auvernia. Perto de il, pasa un regato, a Vareille, en cuia marxe esquerda hai un eido, un sinxelo eido ca sua camada de terra moura por riba e a sua camada de arcilla marela por baixo, que se chama o Duraton. Coido que hai algúns meses, ninguén, fóra do seu dono, un tal Emile Fradin, e dos seus veciños, sabería da existencia do Duraton, mais oxe o seu nome ten case tanta sona coma o de Troia e a terra moura de por riba e a arcilla marela de por baixo, teñen sido fitadas, remexidas e cheiradas pol-o ollar arqueolóxico de Mr. Loth, pol-as mans etnográficas de Mr. Van Gennep e pol-o nariz xeolóxico de Mr. Despéret; e a homildosa aldeñña auvernesa viu xa pasar pol-as suas canellas silandeiras a traza militar de Mr. Esperandieu, a meia sotana do abate Breuil e o perfil talmúdico de Mr. Reinach.

As academias de meirande sabenza, as sociedades centíficas de maor engoladura e as direizóns das revistas asisadas, tenden cara Glozel un ollar arelante e desacougado coma si do eido do Duraton fora xurdir un volcán, e os nomes de Mr. Fradin e do Dr. Morlet, un médico de Vichy, collen unha sona e un espallamento universaes.

Mais que é o que pasa en Glozel? Qué raro fenómeno asoellaron, Fradin e Morlet da terra do Duraton? Pouca cousa pra os que non se intresan pol-as cencias prehistóricas i-etnográficas, un múnido pra os inizados

n-elas. E coma os inizados e os afeizoados son moitos, porque etnografía e prehistoria son cencias de moda, velahí o estrondo, a arela e o desacougo.

Inventario

Compre que agora sígamos as páxinas do «*Mercure de France*», onde os obxectos do Duraton foron publicados, e que tiremos de elas un apurado inventario.

Os principaes obxectos poden crasificarse de iste xeito:

a) Moitos ladrillos que revestían unha fosa oval, que parez ter sido un enterramento eneolítico, aproveitado por vidreiros da época de Latène.

b) Anacos de machados e outras pezas de pedra polida.

c) Pedras pequenas furadas, algunhas con fura bicónica e outras con fura calibrada.

d) Gran cantidade de seixos con figuras de animaes insculturadas.

e) Pracas de ladrillo con impresións de mans e con coviñas feitas co dedo.

f) Arpons de oso de fabrica ruín.

g) Ídolos de arcilla, ictifalicos, femeninos e bisexuados.

h) Cerámica do tipo de urnia con face humán, cerámica riscada de tipo dolménico e un eisemprar de vaso campaniforme.

i) Muñños de mau de moa non xiratoria.

j) Noventa sinos alfabetiformes, espallados en fatos en pracas de ladrillo e nos seixos insculturados.

Custions a porfiar

A primeira, a da autenticidade dos achádegos. «Un corps de doctrine est un organisme qui se defend contre l'intrusion d'elements perturbateurs. En archeologie, cette defense se manifeste tantôt pour l'hypothese d'une supercherie, tantôt pour la tendance de rebaisser la date des objets nouveaux pour les rendre, si l'on peut dire, inoffen-

sifs. «Iste parraliño de Reinach esprica as repetidas visitas de espezialistas a Glozel e os remeximentos, olladas e cheiraduras da terra do Duraton. A defensa contra «os elementos perturbadores» foi heroica, mais finalmente, xacimento e material foron considerados coma auténticos, bons e dinos de confianza. Soio a testa esceptica de Mr Seymour de Ricci segue abaneándose dubidosa. Os demais; arqueólogos, xeólogos i-etnógrafos dixeron, si, e ata botaron algunhas vágoas en col das pracas con sinos alfabetiformes e das esculturas e insculturas do dolmen tras-montano de Alvão, descomulgadas sen piedade por Cartailhac e pol-o mesmo Reinach. Non sei se están aínda no mundo dos vivos os PP. Brenha e Rodríguez ou se andan xa a boligar pol-as rexións dos espritos, mais en calquer lugar en que se atopen é seguro que botaran un sorriso ben clerical e ben portugués en honor e gloria da sabencia consagrada dos irmans latinos de alen Pireneo, que n-este caso como no Sautuola, precisaron pra creer, posuir unha comprobanza francesa dos feitos asentados na Península.

A segunda cuestión é a da cronoloxía. Falouse do Madalenense e do Laténe con inteira naturalidade. Oxe a porfia parez resolta, a mais de outros datos pol-a presenza do vaso campaniforme, no coal non se fixaron moito os arqueólogos franceses, a pesar do que de il ten falado Bosch Gimpera en revistas parisiens. O vaso campaniforme é o pleo eneolítico peninsuar, que ten ista data ausoluta ben espetada por Hubert Schmidt, 3.300 a 2.500 d. d. Xesucristo.

O derradeiro problema é o mais embelefiado. Os obxectos de Glozel, pese a suas razóns ca civilización dolménica de Francia, ca do vaso campaniforme, cos ídolos servios e transilvanos e cas pracas de Alvão, representan unha cultura independente das outras culturas circundantes e sincrónicas. De onde ven. ¿Cómo se produxo? Qué deduzóns poden tirar de feitos tan irrecusabelmente presentados? Pol-o de agora hai o redor de istas preguntas un silencio respeitoso crebado as vegadas por algunha verba solta:

Resultanzas probabres

Un recrucidimento da porfia entre orientalistas e occidentalistas que apunta xa nas opinións contrapostas de Reinach e de Breuil.

Unha reitificazón no referente o grado de adianto da civilización e da mentalidade dos pobos eneolíticos da Europa occidental. Aínda non se confesa craramente a probabilidade de que istos pobos posuían un sistema de escritura, dise soio que se alcontraban na soleira da porta, e lémbrese a Estacio da Veiga, a Ricardo Severo e a Piette, e sobor de todo as descubertas descomulgadas da Alvão. Os PP. Brenha e Rodríguez son ares-toras un remordimento.

En resume? En resume istas outras verbas de Reinach. «Je m'assure que cela ne tardera pas, et, ce complément d'une evolution sera presque une revolution dans notre science».

F. L. C.

BIBLIOGRAFÍA NUMISMÁTICA

PRINCE D'ESSLING — COLLECTION DE MONNAIES ET MEDAILLES CONSULAT ET EMPIRE

París, 1927. Un T.^o de testo e outro con 68 láminas.

O mundo numismático ten os ollos postos na venta pública de ista sorprendente colección que acredita ás salas do *Hôtel Drouot* unha vegada mais e disponse a acudir ás puxas o 16 e 18 de San Xohan. O cuarto Príncipe de Essling, bizneto do mariscal Massena, con amor ós Napoleóns foi xuntando teimosamente «la plus belle collection metallique connue de nos deux Empires», como dí o prologuista do Catálogo—modelo de catálogos de ventas, sin eixemplo na España—ó comentar iste *success* da ciencia e do arte numismáticos. Pode decirse que total-as nazóns teñen interés na venta onde rexurden as glorias guerreiras do primeiro do Imperio cas suas figuras improvisadas e as olladas inquedas e medosas da Europa toda e o vértigo de prosperidade da

Franza das primeiras grandes Exposicións Universaes, da Opera, das Tullerías...

A Galiza numismática—estamos en fronte do mais suxectivo dos colecionismos que quixeramos abiscar espallado entre nós—tópase intresada en varias das medallas, dúas das que non podemos menos de reproducir a súa descripción tal e como aparece nas páxinas do Catálogo. Védeas eiquí:

1229.—*Campagne d'Espagne. Bataille de Corunna. Mort du general Moore.* (Wyon). Son buste a g. R. L'Espagne et l'Angleterre près du general assis sur un lion et soutenu par la Victoire. (TN. 31. I—B. 836). Br. 39 núm. TB.

1545.—*Campagne d'Espagne 1809-1814. BY THE MERCY OF GOB.* Auge volant a g. R) Legende. Laiton 16 num. 28 p. T B. (1809, Aporto, Talavera, Vimieza, Corunna; 1810, Coimbra, Buzaco; 1811, Almeida, Saint Sebastien, Arroyo del Molino, Fuente de Onor, Ciudad Rodrico, Barrosa, Albuhera; 1812, Madrid, Salamanque, Badajós, Almaraz; 1813, Bidasoa, Pyrenées, Neive, Castalla, Vittoria, Pampelune; 1814, Orthes, Toulouse.)

Mais de tres mil pezas detalla o Catálogo, número que fala ben da importancia da colección que o Estado francés tal vez non deixe traspasar as fronteiras; pol-o menos a certos eixempres únicos que irán a enriquecer os esprendores do Cabinet des Medailles.

CATALOGUE OF THE COLLECTION OF AMERICAN COINS.
Spink & Son. London 1927.

Subasta na *Argyll Gallery* en Xunio do presente ano. Sobresaen os pesos mutilados da dominanza española.

ARETHUSE. Revue Trimestrielle dirigée par Jean Babelón et Pierre d'Espezel du Cabinet des Medailles. Fascículo 15. Abril 1927.

Prosigue a publicación do sabio esperto Mr. Florange, tal vez o mellor do mundo na súa especialidade, dando á cenza numismática e á arqueoloxía traballos de outro interese. Ademais da *Chronique*, traballos de Dieudonné, Delaporte, Mirone, Cordey e Buttin.

De grande importancia as recentes emisións de medallas francesas conmemorativas e de homenaxes a Lyautey, Castelnau, Guyot e Doumergue, xeito de honrar ós homes que ergue na Franza unha escola contemporánea de medalleiros que poñen iste arte á altura dos grabadores renacentistas. Sería ben encamiñar os nosos homenaxes e crear en Compostela un núcleo de artistas que compartisen cos ourives as glorias da escola santiaguesa. Como bon precedente eisisiste en Galiza a medalla a don Marcelo Macías, da man escelsa de Asorey.

CATALOGUE OF THE HUTH COLLECTION OF COINS AND MEDALS. Sotheby and C.^o

Venta en S. Xohán. Comprende series dos principais Estados europeos e americanos. Sorprenden as pezas que o mesmo Sr. Reginald Huth acuñou pra obsequiar a Isabel II en 1904, a Alfonso XIII e a M.^a Cristina en platino e paladio, de grande peso e únicos eixempres.

F. B. B.

LETRAS D'AFORA

UNHA NOVA XEOGRAFÍA UNIVERSAL

Xa está na rúa o primeiro volume da riola dos vintedous que compretarán a Xeografía Universal de Armand Colin, o editor que ten a súa casa crara, limpa e acolledora no cerne da beira esquerda do Sena, no Boulevard. Saint Mich. O sopro criador, seareamente emozonado sin perder un chisco do nidio espírito centífeco do mestre Vidal de La Blache segue informando o ledo traballo da escola xeográfica francesa. Gallois, Martoune, Demangeon, Camena d'Almeida e outros redautores dos «Annales de Geographia» e traballadores n'ista grande obra, son de París e de fora de París. Tudos eles medraron na forxa da xeografía rexional francesa e logo fixéronse seu cupo no estudo de lonxanas terras e mares. Soilo d'iste xeito poden sentir a armoñosa unidade do vivir da curtiza terrea n'aquil senso de que foran devanceiros Humboldt e Ritter no raio-

lante tempo das arquitecturas filosóficas. Tamén os especialistas teñen sensibilidade e saben enxergar os circos renascentes dos hourizontes. Coma todo os libros de chez Colin, iste primeiro da Xeografía xurde c'unha limpa feitura tipográfica que da confianza e deixase leer. E a difrencia d'outros libros franceses, sabe ben do método e do fino traballo que se fai en Gotha, o paraíso d'os xeógrafos, vila agarimada nos cotos e arboredos da paisaxe romántica da Alemaña do medeo e que se debería representar nos mapas non c'un redondeliño coma calquer vila sinón c'unha locente e sensetiva Rosa dos Ventos.

Demangeon esquire o primeiro volume adicado as Illas Británicas. Na primeira parte trata das relacións xeográficas c'a Europa occidental e atránteica. Contén todo o libro unha viva interpretación da roca, e da paisaxe. E dino de particular gabanza o capítulo da formación étnica e hestórica do pobo inglés, e mais do irlandés. Logo a xeografía rexional, enxergada con amore e ponderación. Igoal espírito latexa nos capítulos de Economía acugulados de feitos, de relacións, e de cousas novas inda pr'o público lido e acostumado a unha rexa Albión ainda ben Victoriana. É suxestiva unha comparanza por eixemplo antr'a Irlanda de Demangeon e a de Reclús. Pra falar com'os nosos peisanos hai que dicir: había xente de moita yalma no século dazanove.

SEMPRE AS CUMES NO HOURIZONTE...

Teimeí fai moito, enfiar, non en sistema, mais pol'a simpatía garimosa, os libros e millor os anacos, páxinas e posicións, encol da estética, das montañas. Bó tema pra un curso de verán. Cecaís na Galiza mais doado pol'o inverno a carón da lareira e na solaina d'un pazo. Os primeiros románticos xermánicos, moito Rousseau, Chateaubriand, Jenancourt, Michelet... Dos novos Ramuz que ten o espírito alomeado pol'un lado e pol'outro en noite o igoal dos vals, e camiña amodiño coma quen vai esculcando as fentas dos neveiros. O mestre de todos, hastra dos irmas De Saussure parés que

foi un erudito do sólpor do século XVIII, Ramond. Seu libro de viaxe ós Pireneos ficou esquecido pra grande parte do século XIX, con ter sido pr'a interpretación da montaña o que foi Petrarca pr'os humanistas. Tamén dinantes d'il houbo un ingrez, Coxe, autor d'unhas cartas sobre dos Alpes, traducidas e adotadas por Ramond. Sempre hai un ingrez nos orixes das cousas; despois deixan o campo, cortesmente, c'unha xentileza sportiva. Agora o libro de Ramond veuse imprentado pol'o nidio crítico André Monglout.

UNHA RAYOLA DE LUAR

Vai correndo sofermiña e albescendo novas e fondas paisaxes das y-almas. D'onde ven? Cecaís de Noralis, desespero dos autores, de manuales d'hestoreca literaria. Chega hastra Hofmannsthal, Maeterlinck e Rilke. Gosta d'andar pol-o norte. Lúa d'inverno de longa noite e non temerosa da chuvia nin do interior familiar nemigo das revolucións da rúa. Andá na prosa, no verso, no drama, no ensayo, é mais filosofía que moitas craras construcións—desmaziadas craras pois deixan ollar a fenta da casa Usher. En Poe demorou com'o luar no lago cinguido de rochedas. Os escritos en prosa de Hofmannsthal fóran agora traducidas en francés. N'iles como n'outros do mesmo reino hai o estudo e a door da maneira da creación artística considerado de moi diferentes maneiras, mais sempre coma esencial: o agromar da y-alma na realidade material, o misterio da agromada no vivir interior.

VIDAS NON PARALELAS

N'iste ano teñen saído moitas biografías. Non s'esdeñan de esquirbilas xentes da millor sona artística, novos e trunfadores. Carco, Maurois, Benoit. Fai tres anos saíu o admirabile «Shelley» de Maurois, un libro que vai franqueando portas á nosa curiosidade cordial, na compañía sempre pronto ás nosas preguntas. Os grandes románticos son pol-o d'agora os mais favorecidos. En troques a vida de Balzac, que criou tanto censo de xente viva, foi escrita n'un xaito

de mal naturalismo dos derradeiros do sigro pasado.

Outro día falaremos do centenario do Romantismo. E ¿Cando teremos un Pondal, unha Rosalía, un Xelmírez, un Prisciliano que se vexa nas mans de todos os que mercan xiquer uns libríños na estacion ou no café? Serían de moita ensinanza; pol'o vivir en si, do biografiado, pol'as cousas que arredor se poden dicir i-espallar, pol'a suxestión da personalidade. Agardemos pol'o inverno que é o tempo do vivir baixo terra dos graus mais sofridos.

EL IODO EN LAS ALGAS DE GALICIA, por S. PARGA PONDAL.

Hai algún tempo qu'os estudos centífecos en Galiza, principian a entrar n-unha fase d'intensificación, que xa cumpría pra encher por esta banda o cadro da nosa renacementa. Hoxe principia tamén o movemento no sector das ciencias naturá, e n-iste movemento ten xa unha personalidade o Dr. Parga Pondal, qu'agora ofércenos a valiosa contribución d'iste intresantísimo estudo, dino de toda loubanza.

El iodo en las algas de Galicia é unha memoria presentada ó Seminario d'Estudios Galegos de Santiago, onde van dar hoxe os millores traballos que na nosa terra s'están producindo. Fundada no análisis de moitas variedades d'argazos, ven amosar a gran riqueza d'elas en iodo, o qual, fóra do intrínseco do asunto, pode ter tamén unha derivación industrial, coma se fai no Xapón, onde extraen do argazo moita cantidade d'aquil metaloide.

É un traballo que fai agardar novos e grandes froitos da aitividade centífeca do Sr. Parga Pondal, que tan ben acredita a súa grande cultura e dominio dos métodos físico-químicos.

S. N.

DOS DIAS EN ORENSE, por ALVARO MARIA DE LAS CASAS, Madrid, 1927.

N-esta conferencia leida pol-o seu autor na Real Sociedade Xeográfica, qu'a publicou, hai unha cumprida descrición da cibdade

de d'Ourense, curta e de sustancia, pintorescamente feita, de man d'artista, e sin esquecer ningunha alusión histórica, anecdótica, erudita, crar'está que moitas veces indicadas namais, pol-a falla d'espazo. Di moito, e vese qu'o autor ten aínda moito mais que dicir, pois ten na memoria todo o vello Ourense con todol-os curiosos detalles da súa vida: os orixes das casas fidalgas, as vidas dos fillos ilustres, os papeis dos arquivos, os costumes populares, as tradicións, os relatos dos vellos, canto sirve pra evocal-a vida d'unha cibdade qu'anque vestida de novo, c'unha vulgaridade que o seu aspecto ledo fai esquecer, ten atrás de si un pasado dino de lembranza. Por sorte, aínda hai n-Ourense pedras vellas e aspectos románticos dinos de meirande sona qu'a que teñen, e Alvaro María de las Casas sábeos pór en releve con arte de bó espositor. É un belido homaxe á súa vila natal.

DISCURSO pronunciado por el socio del «Centro Gallego» Fuco G. Gómez, en la Junta General del día 30 Enero 1927. Habana-Cuba

Coma suplemento á revista *Galicia* da Habana, publicouse traducido ó castelán, iste intresante discurso feito en galego pol-o noso querido irman Fuco G. Gómez, un dos poucos que hoxe na Habana, no seo d'aquela asociación por tantos conceptos dina de loubanza, anque en outros o sexa por vegadas de reprensión, sostén coma sostivo de cote, a bandeira da enxebre Galiza. Iste discurso é precisamentes unha chamada á orde que Fuco G. Gómez fai ós elementos directores d'aquil Centro, no senso da verdade, da seriedade e da galeguidade, un pouco esquecida por iles, e fai logo unhas propostas en col da nominación dos novos pabellós do Sanatorio modelo *Galicia*, que vai construír o Centro.

O labor patriótico de Fuco G. Gómez, que non ten descanso na defensa dos nobres ideás de Galiza, é merecente da meirande atención e agarimo. Benia ós que como il valentemente loitan pol-a y-alma pura da nosa Terra.

GLOSAS HESTÓREAS

Con este tídoo pubriquei fai algúns meses n-esta gran revista de cultura galega, un artigo encol da Ponte Pias da rexurdente vila de Negreira, e proponéndome seguir publicando outros traballos encol dos restos hestóricos que hai nos arredores da nomeada vila, como por exemplo: O Pazo do Cotón, O Pazo da Chancela, as Torres d-Altamira, O Castelo de Xallas, A Ponte Maceira, e os monumentos célticos do monte Corzán; restos que lle dao o seu aquel d-importanza ao antigo pobo de *Nicraria*, por gardar recordos hestóricos que ollamos con orgullo, por deixar após de si unha lembranza de tempos pasados; nada mais xusto que o primeiro en adicarlle unhas cantas liñas sexa: O Pazo de Cotón.

Este antigo casario áchase na mesma vila de Negreira encravado no outo d-un campo onde se celebran as milliores feiras do val de Barcala.

Inda que sufriu algunhas reformas, ollando con detenimento pódese dicir que foi feito no século XV a xusgar pol-o estilo arquitectónico, tanto do Pazo como das catro redondas torres que se erguen alteirosas n-outras tantas esquinas.

Pol-o lado do Ponente ten un amplo salón encima de tres arcós; por debaixo do cal pasa a rúa de San Amaro, e dimpois a capela do mesmo santo; tan ampla como ben coidada; tan ordeadísima, que todo canto hai n-ela convida a rezar. Pol-o nacente ten unha longa carballeira, mecha de vellouqueiros albres, cuías grosas ponlas estendidas por riba da vereda do Tambre e do rigueiro da Chancela son testigos da vida deñe fai unha centuria.

Ao Norte ten unha horta de froita que parece unha régala del Señor; ao Sul un prado bizoso que é unha regalia da Natureza.

Esta fortaleza foi dos Mariños de Lobeira, logo dos Condes d-Altamira, dimpois do Marqués d-Hervias, e na aitualidade e d-unha atinguida familia d-esta vila coñecida pol-ós señores de Fabeiro.

Enriba do arco maor que hai no meio da capela e o Pazo ten un escudo con tres franxas ondeadas, unha estrela e dous lobos; escudo pue ao parecer usaron os Mariños de Lobeira.

M. BERGUEIRO-LÓPEZ

Imprenta NÓS. Real, 36-1.º, A CRUÑA



N Ó S
PUBRICACIONS
GALEGAS
E IMPRENTA

Real, 36-1.

A CRUÑA

N'este mes poñeráse á venda

ESTEBO

NOVELA por XOSÉ LESTA MEIS

300 páxinas

3'50 pesetas

Pedidos a NÓS - Real 36-1.º - A CRUÑA

DICCIONARIO GALEGO
 de

D. Eladio Rodríguez

Aparecerá axiña en cuadernos
 mensuaes ao prezo de unha peseta.

Suscríbese en

"NÓS" Real, 36-1.º

A CRUÑA

FOTOGRAFADO

Si ten intrés en que os seus fotografados
 sexan os mais perfeitos posibles, conven-
 lle envialos aos

Talleres de fotografado
ESPASA-CALPE S. A.

Este nome xa é por si unha garantía, pois
 son os talleres mais modernos e orgaiza-
 dos para realizar na sua maisima perfei-
 ción toda crás de fotografados en cinc,
 cobre; tricomias, cuatromias, etc...

O seu servico e extra-rápido.

As suas obras son perfeitísimas.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547

MADRID

VAN APARECER EDITADOS POR

N Ó S

Os «Dibuxos en Linoleum» por **XAIME PRADA**
 con glosas dos mellores escritores galegos

SANATORIO QUIRURGICO

DIREITORES

Manuel Peña Rey

Ginecologia e Partos

José Mosquera Blanco

Cirurgia geral
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten toda-las condicións precisas.—Practicase toda crás d'operacións.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Diatermia pra tratamento de Aue-xites, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.
Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamento d'escrofulosis, ra-quitismo, alopecias, eczemas, etcétera.
Admítense embarazadas, e cóntase con material esterelizado pra fora da cibdade en casos d'urxencia.—Poden colaboraren todol-os compañeiros, previo consentemento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan millor. Véndese en todol-os estableci-mentos do ramo

Andrés Perille-OURENSE

F.ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
propiedade dos **FILLOS de PEINADOR**

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20
das estacións de Porriño e Salvatierra de Miño

Hotel do Establecemento está aberto do 1.º de Mayo a 31 de Outubro